

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

RESOLUCIÓN do 21 de xuño de 2016 pola que se lle dá publicidade das bases reguladoras para a selección de pequenas e medianas empresas ás que se prestarán servizos de tutela en materia de responsabilidade social empresarial, a través do programa Responsabilízate, e se procede á súa convocatoria.

A responsabilidade social empresarial (RSE) é un movemento que promove nas empresas a conciencia de velar pola satisfacción e cumprimento das expectativas de todos os grupos de interese con que interactúa. Trátase dun concepto en pleno desenvolvemento no tecido económico e social actual que, sen dúbida, é moi beneficioso para o progreso da nosa sociedade e contribúe á mellora da calidade e competitividade das empresas. É unha forma de actuar moi eficaz para a mellora do modelo produtivo, xa que combina, ao mesmo tempo, criterios de eficiencia, sustentabilidade e igualdade de oportunidades.

A Xunta de Galicia conta desde hai uns anos cunha estratexia galega, e está en proceso de elaboración dun novo plan estratéxico, e tanto nesta futura estratexia como na anterior, o obxectivo final é apoiar e fomentar esta forma de xestión empresarial.

A Secretaría Xeral de Emprego é competente para resolver en materia de responsabilidade social empresarial en virtude do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

No exercicio das súas funcións a Secretaría Xeral de Emprego pretende impulsar a implantación da RSE no tecido empresarial galego, a través, entre outras medidas, do establecemento do programa Responsabilízate.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras que rexerán a selección de pemes ás que se prestarán servizos de tutela en materia de responsabilidade social empresarial (RSE), en virtude do programa Responsabilízate, que ten como obxectivo axudar as pemes a seren autónomas na implantación da RSE como parte do seu modelo de negocio.

Segundo. Convocar o proceso de selección de pemes ás que se prestarán servizos de diagnose da súa situación en materia de RSE, formación e implantación das primeiras accións de RSE.



Terceiro. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao de publicación destas bases. No caso de non cubrirse todas as prazas previstas ou de renuncia das solicitantes, poderá abrirse un novo prazo, antes de que se inicien os servizos previstos no programa Responsabilízate, que se anunciará na páxina web <http://rse.xunta.es>.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Covadonga Toca Carús
Secretaria xeral de Emprego

Bases reguladoras para a selección de pequenas e medianas empresas ás que se prestarán servizos de diagnose da situación ou posibilidades da RSE, formación e acompañamento na definición dun plan de acción e implantación das primeiras medidas, a través do programa Responsabilízate

O tecido empresarial galego, segundo o Observatorio da Responsabilidade Social de Galicia, está a incrementar o seu coñecemento sobre a responsabilidade social empresarial (RSE), sobre todo entre as empresas de maior tamaño. Non obstante, as pequenas e medianas empresas (pemes) necesitan un impulso para poder chegar a implantar a RSE na súa xestión.

Aínda existen numerosas pemes que descoñecen o verdadeiro enfoque da RSE integrada no modelo de negocio e vinculada aos resultados empresariais. Ademais, o tamaño empresarial é o factor máis influínte no grao de coñecemento sobre a RSE. En xeral, as empresas declaran ter un coñecemento suficiente da RSE, especialmente canto maior é o seu tamaño, aínda que un 30 % das empresas consultadas, segundo os resultados do Observatorio permanente da RSE en Galicia, declara que a falta de coñecementos técnicos supón unha barreira para o desenvolvemento da RSE, e só un 19,4 % participou nalgún curso, seminario ou conferencia relacionada coa materia.

Non cabe dicir o mesmo da opinión que as empresas teñen acerca do grao de desenvolvemento da RSE, considerándoo insuficiente. Neste sentido considérase necesario definir un programa orientado á implantación real da RSE, e que dea resposta a estas necesidades das pemes galegas, o programa Responsabilízate.

Co fin de garantir a publicidade e transparencia no proceso de selección das pemes destinatarias dos servizos do programa, dáse publicidade mediante as presentes bases reguladoras ao proceso de selección de pemes que se seguirá para o desenvolvemento do programa Responsabilízate.



Artigo 1. *Obxecto*

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de selección de pemes ás que se prestarán os servizos do programa Responsabilízate.

O programa consiste en impulsar unha maior implantación da RSE nas pemes cun acompañamento real dun titor experto en RSE que facilite este labor. A titorización estará orientada a dous aspectos básicos:

1º. Diagnose ou análise do estado e potencial da RSE na peme galega: consistirá en facilitar a diagnose da situación ou posibilidades da RSE e a formación nas pemes, que abra un camiño para o interese e implantación da RSE na peme.

2º. Actuación: acompañar na definición dun plan de acción e implantación das primeiras accións.

Artigo 2. *Beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destes servizos as pequenas e medianas empresas (pemes) que teñan radicado o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia.

2. Ademais do especificado no punto anterior, as pemes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter, cando menos, unha persoa traballadora por conta allea.

b) Que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.

c) Non seren entidades sen ánimo de lucro.

d) Non ter sido sancionadas, por ningunha causa, nos tres últimos anos.

Artigo 3. *Servizos aos que optarán as beneficiarias*

1. O programa Responsabilízate componse dos seguintes servizos:

a) Análise do estado ou diagnose da situación da RSE: o diagnóstico partirá dun primeiro contacto para coñecer a empresa en profundidade. Tras un estudo e a realización da



análise a través da plataforma Xunta Pro_RSE, completárase o diagnóstico final. Esta fase terá unha duración estimada de 15 horas para cada unha das empresas seleccionadas.

b) Formación: consistirá nun mínimo de 15 horas de duración por cada empresa, nas que se tratarán cuestións como a sensibilización e contexto da RSE, o mapa de grupos de interese, enfoques de diálogo con estes grupos e as ferramentas para xestionar a RSE. Esta formación poderá organizarse agrupándose as distintas empresas que participan no programa.

c) Plan de acción e implantación: consistirá nun proceso, dunha duración aproximada de 40 horas por empresa, no que se definirá o plan de RSE e se acompañarán a pemes na implantación das primeiras accións identificadas.

2. Aos servizos da letra c) poderán optar as pemes que, unha vez realizados os dous servizos anteriores, contén con maiores potencialidades para adoptar unha xestión en materia de RSE.

Artigo 4. *Prazo e documentación*

1. Establécese un prazo de presentación de solicitudes, que será o especificado na convocatoria, co obxectivo de organizar as solicitudes e aplicar os criterios de selección, para, no caso de superar o número de empresas que se poden acoller a este programa, establecer unha prelación.

2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo a esta resolución, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa representante da entidade, no caso de que non se autorice expresamente a comprobación dos datos por medio de acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade segundo o establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

b) Memoria explicativa da actividade ou actividades desenvolvidas pola empresa e a súa motivación para acceder a este programa.

c) Copia da escritura de constitución, estatutos ou documentos análogos da empresa solicitante, que acrediten o seu domicilio social e a potestade da persoa que actúa e que asina a solicitude.



d) Balance e conta de resultados da entidade solicitante do exercicio 2015.

e) Vida laboral de todos os códigos de conta cotización da empresa referida aos 30 días inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.

f) Copia compulsada dos títulos ou certificados que acrediten a asistencia a actividades formativas do persoal da empresa, para os efectos de valoración do criterio sinalado no artigo 8.

Artigo 5. *Presentación*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novem-



bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia ca os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica por parte da persoa solicitante ou representante superase os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

5. Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se a persoa solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

6. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os formularios de solicitude incluírán autorizacións expresas



ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estivesen en poder da Secretaría Xeral de Emprego; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

4. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral de Emprego publicará na súa páxina web oficial a relación das empresas seleccionadas polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos seus datos e a súa publicidade.

Artigo 7. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a referida secretaria xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo:



Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.es

Artigo 8. *Tramitación*

1. Logo da recepción de solicitudes, o Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Secretaría Xeral de Emprego comprobará se cada solicitude presentada coa súa correspondente documentación reúnen os requisitos exixidos nos artigos anteriores e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 28 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase a entidade interesada para que nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, quen presidirá, a persoa titular do Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral e un/unha xefe/a de sección do Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral, que actuarán como vogais, e unha persoa funcionaria designada pola presidencia da comisión, que actuará como secretario/a.

3. As solicitudes serán avaliadas en función dos datos declarados na solicitude e elaborase unha relación delas coa puntuación que lle corresponde a cada unha, en aplicación dos seguintes criterios de valoración:

a) Segundo o número de empregados da empresa na data da solicitude:

- De 0 a 5: 50 puntos.
- De 6 a 15: 40 puntos.
- De 16 a 50: 35 puntos.
- 51 a 100: 30 puntos.
- 101 a 250: 20 puntos.



b) Ter asistido, as persoas responsables ou o seu persoal, a algún curso formativo sobre RSE, 3 puntos por cada actividade formativa, máximo 9 puntos.

c) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa, é dicir, a porcentaxe de persoas traballadoras fixas sobre o total de cadro de persoal da empresa, sempre que esta sexa superior ao 20 %. Máximo 20 puntos. A puntuación máxima obterase cunha taxa de estabilidade superior ao 80 %.

d) Pola proporción entre homes e mulleres que traballan na empresa. Máximo 20 puntos. A puntuación máxima estará en función do equilibrio entre ambos sexos, é dicir, cun 50 % a un 60 % de homes ou mulleres na empresa.

e) No caso de empate na baremación, terase en conta a orde de entrada no rexistro da solicitude.

4. Unha vez rematado o proceso de avaliación, a comisión de valoración elevará a proposta á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego quen resolverá sobre a listaxe de admitidas no programa Responsabilízate. Comunicarase ás entidades a súa inclusión na fases de diagnóstico e formación do programa (letras a) e b) do artigo 3), ben como participantes cunha praza, ou ben como reservas no caso de que algunha entidade elixida en primeiro lugar renuncie a participar.

5. O prazo máximo para resolver e notificar as resolucións será de 30 días hábiles desde o peche do período de admisión. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

6. Para a selección das empresas que accederán aos servizos do plan de acción e implantación (sinalados na letra c) do artigo 3), a/as empresa/s responsable da realización dos servizos de diagnose e formación, presentarán á Secretaría Xeral de Emprego un informe de resultados da entidades participantes para os efectos de que resolva sobre a listaxe de empresas que realizarán os ditos servizos. Unha vez comunicada as empresas a súa inclusión nos servizos do plan de acción e implantación, estas deberán comunicar á Secretaria Xeral de Emprego a súa conformidade.

Artigo 9. *Réxime de recursos*

Contra as resolucións que se diten neste procedemento, pódese interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, conta-



do a partir da notificación da resolución, conforme o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Obrigas das beneficiarias*

1. Participar en todas as accións para as que sexan seleccionadas.

2. No caso de lle ser requirido, colaborar coa Secretaría Xeral de Emprego nas actividades divulgativas do programa Responsabilízate: xeración de casos de éxito, material promocional, participación en presentacións, reportaxes audiovisuais, visitas demostrativas e calquera outra similar. O compromiso máximo exixido será o dunha xornada laboral dalgunha das persoas implicadas neste programa.

3. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, funcións para as que poderán designar, mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, técnicos ou funcionarios da dita consellería; a Intervención Xeral da comunidade autónoma; as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas ou outros órganos da Administración do Estado, e deberán achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. O beneficiario acepta que os datos resultantes da execución do servizo, unha vez desvinculados dos datos identificativos da súa empresa, pasarán a formar parte dunha base de datos para a súa explotación multicriterio con fins estatísticos, de deseño de políticas públicas e de difusión de situacións empresariais.

5. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, ou as entidades que colaboren con ela, recollerá indicadores de resultado cuantitativos e cualitativos tras a execución do servizo, e seis meses despois da finalización deste. No caso de negativa ou obstrución a facilitar a dita información poderá exixírselle unha penalización económica equivalente ao custo para a Administración da prestación do servizo á empresa.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA RESPONSABILIZATE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR320B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE DA EMPRESA

IMPORTE BALANCE ANUAL (2015) VOLUMEN DE NEGOCIO ANUAL (2015) NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que traballan para a empresa as seguintes persoas contratadas por conta allea:


Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS	POR SEXO		POR TIPO DE CONTRATO	
	Nº DE HOMES	Nº DE MULLERES	Nº FIXOS	Nº TEMPORAIS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que a empresa conta cos seguintes centros de traballo.

DOMICILIO DO CENTRO DE TRABALLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

3. Que a empresa non foi sancionada, por ningunha causa, nos tres últimos anos.

4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: cpuyyy34-pgz0-bqa2-p1t2-qx2uwsbogun7



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI ou NIE da persoa representante da entidade, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia da escritura de constitución, estatutos ou documentos análogos da empresa solicitante, que acrediten o seu domicilio social e a representación da persoa que asina a solicitude.
- Memoria explicativa da/das actividade/s desenvolvida/s pola empresa e a súa motivación para acceder ao programa.
- Balance e conta de resultados da entidade solicitante do exercicio 2015.
- Vida laboral de todos os códigos de cotización da empresa referida aos 30 días inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.
- Copia dos títulos ou certificados que acrediten a asistencia a actividades formativas do persoal da empresa.

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.es


LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 21 de xuño de 2016 pola que se lle dá publicidade ás bases reguladoras para a selección de pequenas e medianas empresas ás que se prestarán servizos de tutela en materia de responsabilidade social empresarial, a través do programa Responsabilízate e se procede á súa convocatoria.


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral de Emprego

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

